

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Acta número 23, de 3 de marzo de 2020

No día da data e baixo a presidencia da sra. decana, celébrase a reunión ordinaria da Comisión de Calidade do centro, segundo a correspondente orde do día e coa asistencia dos membros que a continuación se relacionan:

Blanco Anaya, Paloma; Brao Viña, Ana M^a; Gómez Sequeiros, Pablo; Lago Ballesteros Joaquín; López Gómez, Santiago; López Rúa, Paula; Muñoz Carril, Pablo César; Otero Urtaza, Eugenio Manuel; Poncet Souto Marta M^a; Sarceda Gorgoso María Carmen.

Desculparon a súa ausencia os seguintes membros:

Aznar Cuadrado, Virginia; Caldeiro Pedreira, M^a del Carmen; García Marín, Pablo; Iglesias Souto, Patricia; Navarro Patón, Rubén; Pena Presas, Monserrat; Romero Castro, María José.

Día: 3 de marzo de 2020

Hora: 18:00

Lugar de celebración: Sala de Xuntas

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación, se procede, do informe de renovación da acreditación do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.
3. Ratificación, se procede, da proposta de axudas no marco do programa de formación complementaria a cargo de profesionais e especialistas externos para o curso 2019/20.
4. Informe provisional de Certificación da implantación do SGC da Facultade e alegacións ao mesmo.
5. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Apróbase por asentimento a acta número 22, correspondente á sesión celebrada o 4 de xuño de 2019.

2. Aprobación, se procede, do informe de renovación da acreditación do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

A comisión aprobou o informe de renovación da acreditación do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza previamente elaborado e debatido pola comisión de título, de acordo co especificado na guía para o seguimento de títulos oficiais de grao e máster e seguindo o modelo facilitado pola Área de Calidade e mellora dos Procedementos da USC.

3. Ratificación, se procede, da proposta de axudas no marco do programa de formación complementaria a cargo de profesionais e especialistas externos para o curso 2019/20.

A comisión aprobou o programa de formación complementaria a cargo de profesionais e especialistas externos para o segundo semestre do curso 2019-2020 previamente informado e resolto favorablemente polos membros da comisión.

4. Informe provisional de Certificación da implantación do SGC da Facultade e alegacións ao mesmo.

A decana dá conta á comisión de calidade do Informe provisional de Certificación da implantación do SGC da facultade, presentado e debatido na xunta de facultade celebrada o día 19 de decembro de 2019 e cuxas alegacións aparecen recollidas como anexo á acta número 422 da citada xunta ordinaria de facultade.

5. Rolda aberta de intervencións.

A decana lembra aos membros da comisión o calendario de accións de Calidade e recorda que para o 15 de abril ten que estar feito o Autoinforme de Seguimento dos Títulos. A decana comprométese a enviar os documentos máis básicos recibidos dende a Área de Calidade e unha guía que a vicedecana e responsable de calidade da facultade de educación de Compostela, profesora María José Méndez Lois, elaborou e que pon a disposición desta Comisión. A decana indica que en breve convocará unha reunión para empezar a traballar.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 19:00 horas

A secretaria

Visto e praxe, a presidenta

Marta María Poncet Souto

M. Carmen Sarceda Gorgoso

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: MARÍA CARMEN SARCEDA GORGOSO, NIF 33316965Q, 22/06/2020 10:20:34.

Asinante/Firmante/Signer: MARTA MARÍA PONCET SOUTO, NIF 34887768B, 22/06/2020 09:59:58.

CSV: 40B0-148D-4C74-9CB2

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Acta número 24, de 18 de xuño de 2020

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado

A sesión celébrase a distancia (plataforma TEAMS) de acordo co artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

DATA: 18 de xuño de 2020

HORA DE COMENZO: 17:30 h

ASISTENTES

Aznar Cuadrado, Virginia
Barreira Cerqueiras, Eva María
Blanco Anaya, Paloma
Caldeiro Pedreira, M^a del Carmen
Brao Viña, Ana M^a
Gómez Sequeiros, Pablo
Iglesias Souto, Patricia
Lago Ballesteros Joaquín
López Gómez, Santiago
López Rúa, Paula
Muñoz Carril, Pablo César
Navarro Patón, Rubén
Otero Urtaza, Eugenio Manuel
Pena Presas, Monserrat
Poncet Souto, Marta M^a
Romero Castro, María José
Santos González, María Carmen
Sarceda Gorgoso María Carmen

ESCUSAN A SÚA ASISTENCIA

Tamara González Teijeiro

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas da sesións anteriores.
2. Aprobación, se procede, das coordinacións de curso para o vindeiro 2020-2021.
3. Aprobación, se procede, do documento marco de funcións de coordinación de título, de curso e de materia.
4. Aprobación, se procede, do Informe Anual de Seguimento 18-19 do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil.

5. Aprobación, se procede, do Informe Anual de Seguimento 18-19 do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria.
6. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

Apróbase por asentimento a acta número 22 correspondente a sesión do 4 de xuño de 2019 e a acta número 23 correspondente á sesión celebrada o 23 de marzo de 2020.

2. Aprobación, se procede, das coordinacións de curso para o vindeiro 2020-2021.

A decana dá conta das coordinacións para o curso 2020-2021. Indica que as coordinacións foron informadas favorablemente na Comisións de Título do Grao de Infantil e do Grao de Primaria que se celebrou conxuntamente.

Coordinador/a 1º Dobre Grao Infantil e Primaria: Pendente.

Coordinador/a 1º Infantil: Pendente.

Coordinadora 1º Primaria: Patricia Iglesias Souto.

Coordinadora 2º Dobre Grao Infantil e Primaria: María José Romero Castro.

Coordinador 2º Infantil: Pablo García Marín.

Coordinadora 2º Primaria: María José Romero Castro.

Coordinadora 3º Dobre Grao: Montserrat Pena Presas.

Coordinadora 3º Infantil: Montserrat Pena Presas.

Coordinadora 3º Primaria: Virginia Aznar Cuadrado.

Coordinadora 4º Dobre Grao Infantil e Primaria: Paula López Rúa.

Coordinadora 4º Infantil: Paloma Blanco Anaya.

Coordinadora 4º Primaria: Paula López Rúa.

A decana explica que as coordinacións pendentes de asignar están á espera da resolución dunha praza estable con docencia nos cursos sinalados e de que, a persoa que a gañe, acepte asumir esta tarefa. A decana somete á aprobación o documento de coordinacións para o curso 2020-2021, quedando aprobado por asentimento.

A continuación ábrese unha rolda de intervencións.

O profesor Otero Urtaza, coordinador do Máster DAEN, intervén para sinalar as dificultades para atopar profesorado coordinador de curso debido a que os departamentos non recoñecen esas horas como horas docentes equivalentes. O profesor Uxío Otero Urtaza pide á decana inste aos departamentos a que as teña en conta nos PODs. A decana resposta que o problema está na escasa capacidade docente da maioría dos departamentos da facultade. A decana propón voltar sobre este asunto noutra reunión da comisión e tratar de atopar algún tipo de recoñecemento a estas tarefas, alomenos a nivel de facultade. O profesor Otero Urtaza laméntase de que a universidade recoñeza tan pouco o traballo de xestión.

A decana agradece ás coordinadoras e coordinadores o traballo feito no curso 2019-2020. Agradece tamén ao profesorado que seguerá a exercer este labor o vindeiro curso 2020-2021, o compromiso amosado coa facultade.

3. Aprobación, se procede, do documento marco de funcións de coordinación de título, de curso e de materia.

A decana lamenta no ter podido enviar o documento marco con máis antelación debido a problemas técnicos. Pide desculpas por non telo achegado a tempo para unha consulta detida.

Agradece aos coordinadores de título do Grao de Infantil e de Primaria, profesor Pablo Muñoz Carril e profesora Paula López Rúa respectivamente, o traballo realizado. Tamén agradece o traballo feito á profesora Marta María Poncet Souto, secretaria da facultade e a o profesor Santiago López Gómez, vicedecano. Asemade dá as grazas ao coordinadores e coordinadoras de curso polas achegas ao documento inicial que sen dúbida contribuíron a enriquecer e mellorar o documento marco que se presenta para a súa aprobación.

A decana comenta que a elaboración do documento marco de coordinacións resposta a un compromiso do equipo decanal de concretar e clarificar tarefas así como de optimizar esforzos. Explica que se trata dun documento consensuado entre as diferentes coordinacións. A decana traslada aos membros da Comisión de Calidade a decisión tomada na comisión de título de Infantil e Primaria de pospoñer a aprobación do documento para dar tempo aos coordinadores/as que así o solicitaron a revisar a última versión do documento e facer as últimas achegas. Acéptase a proposta quedando aprazado o punto 3 da orde do día para a aprobación do documento marco de funcións de coordinación de título, curso e materia. A decana sinala que dará un prazo para recibir achegas e que posteriormente convocará unha Comisión Extraordinaria de Calidade para aprobar o documento marco definitivo. A comisión celebraráse por correo electrónico.

A decana abre unha rolda de intervencións.

O profesor Lago Ballesteros, coordinador de TFG do grao de Infantil, di botar en falta un documento similar que clarifique que tarefas corresponden ás coordinacións de TFG e cáles á Comisión de Prácticum e TFG. Sinala que en ningún documento da facultade nin da universidade, aparecen recollidas. A decana coincide na necesidade de clarificar estas funcións nun documento diferente ao que aquí se presenta. Propón a elaboración dun novo documento con dúas partes, unha para o Prácticum e o Plan Xeral de Prácticas e outra para os TFGs.

Ana María Brao Viña entende que debería ser a Comisión de Prácticum e TFG a encargada de elaborar este documento. Nesta liña, a decana propón que no documento marco de funcións se faga referencia ás funcións da coordinación dos TFGs e que, unha vez elaborado o documento, se incorpore.

4. Aprobación, se procede, do Informe Anual de Seguimento 18-19 do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil.

A decana explica que a derradeira versión do informe de seguimento do Grao de Educación Infantil que elabora a Facultade de Educación de Compostela e que completa a Facultade de Formación do Profesorado de Lugo, chegou pola mañá polo que quedan aínda algúns detalles por perfilar. A decana pásalle a palabra ao profesor Pablo Muñoz Carril, coordinador de título do grao de Infantil para que explique o procedemento de elaboración do informe de Infantil e comente os diferentes apartados do informe.

A decana somete a aprobación o Informe Anual de Seguimento 18-19 do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil, quedando aprobado por asentimento.

5. Aprobación, se procede, do Informe Anual de Seguimento 18-19 do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria.

A decana concédelle a palabra á profesora Paula López Rúa, coordinadora do título do grao de Primaria. López Rúa explica que o informe de Primaria fíxose dende a facultade de profesorado e foi completado pola Facultade de Educación de Compostela. Sinala que o informe de Primaria é moi similar ao de Infantil. A coordinadora de título comenta os apartados máis salientables do mesmo.

A decana somete a aprobación o Informe Anual de Seguimento 18-19 do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria, quedando aprobado por asentimento.

A decana remata o punto 4 e 5 da orde do día agradecendo aos coordinadores de título de Infantil e de Primaria Pablo Muñoz Carril e Paula López Rúa respectivamente, á coordinadora de calidade Paloma Blanco Anaya e á xestora do centro Ana María Brao Viña, o traballo realizado.

6. Rolda aberta de intervencións.

A decana pásalle a palabra ao vicedecano para que explique como se prevé o inicio do curso 2020-2021.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 19.10 horas

A secretaria

Visto e praxe, a presidenta

Marta María Poncet Souto

María Carmen Sarceda Gorgoso

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: MARÍA CARMEN SARCEDA GORGOSO, NIF 33316965Q, 19/07/2020 18:24:54.

Asinante/Firmante/Signer: MARTA MARÍA PONCET SOUTO, NIF 34887768B, 19/07/2020 08:54:49.

CSV: F079-7813-4240-8B32

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Acta número 25, de 14 de xullo de 2020

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado.

A sesión celébrase a distancia, sesión virtual, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e no “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020. Os acordos tomáanse no prazo fixado respostando, vía correo electrónico, mediante a opción: “responder a todos”.

DATA: 14 de xullo de 2020

HORA DE COMEZO: 14:15

HORA DE REMATE: 14:30

ASISTENTES

Aznar Cuadrado, Virginia
Barreira Cerqueiras, Eva María
Blanco Anaya, Paloma
Brao Viña, Ana M^a
García Marín, Pablo
González Sequeiros, Pablo
Iglesias Souto, Patricia
Lago Ballesteros Joaquín
López Gómez, Santiago
López Rúa, Paula
Muñoz Carril, Pablo César
Navarro Patón, Rubén
Otero Urtaza, Eugenio Manuel
Pena Presas, Monserrat
Poncet Souto, Marta M^a
Romero Castro, María José
Sarceda Gorgoso María Carmen

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación, se procede, da proposta da profesora Paloma Blanco Anaya como coordinadora de 5º curso do dobre grao para o vindeiro 2020-21.
3. Aprobación, se procede, do documento marco de funcións de coordinación de título, de curso e de materia.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Sométese á aprobación a acta nº24 da sesión anterior celebrada o 18 de xuño de 2020, enviada por correo para a súa consulta. Apróbase co voto favorable de todos os/as asistentes.

2. Aprobación, se procede, da proposta da profesora Paloma Blanco Anaya como coordinadora de 5º curso do dobre grao para o vindeiro 2020-21.

Sométese á aprobación a proposta de nomeamento. Apróbase co voto favorable de todos os/as asistentes.

3. Aprobación, se procede, do documento marco de funcións de coordinación de título, de curso e de materia.

Sométese á aprobación o documento marco de funcións de coordinación de título, de curso e de materia, enviado por correo para a súa consulta. Apróbase co voto favorable de todos os/as asistentes.

A secretaria

Visto e praxe, a presidenta

Marta María Poncet Souto

María Carmen Sarceda Gorgoso

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 22/12/2020 16:57:37.

Asinante/Firmante/Signer: MARTA MARÍA PONCET SOUTO, NIF 34887768B, 22/12/2020 14:18:58.

CSV: AADB-9DF3-4F6F-BFC1

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Acta número 26, de 2 novembro de 2020

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado.

A sesión celébrase a distancia, sesión virtual, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e no “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020. Os acordos tomáanse no prazo fixado respostando, vía correo electrónico, mediante a opción: “responder a todos”.

DATA: 2 de novembro de 2020

HORA DE COMEZO: 14:15

HORA DE REMATE: 14:30

ASISTENTES

Aznar Cuadrado, Virginia
Barreira Cerqueiras, Eva María
Blanco Anaya, Paloma
González Sequeiros, Pablo
Lago Ballesteros Joaquín
López Gómez, Santiago
López Rúa, Paula
Muñoz Carril, Pablo César
Navarro Patón, Rubén
Pena Presas, Monserrat
Poncet Souto, Marta M^a
Romero Castro, María José
Sarceda Gorgoso María Carmen
Varela Pulpeiro, María Jesús

ORDE DO DÍA:

PUNTO ÚNICO:

- Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado. Curso 2018-19.

Sométese á aprobación a Memoria de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado do curso 2018-19, enviada por correo electrónico para a súa consulta. Apróbase co voto favorable de todos os/as asistentes.

A secretaria

Visto e prace, a presidenta

Marta María Poncet Souto

María Carmen Sarceda Gorgoso

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 22/12/2020 16:47:10.

Asinante/Firmante/Signer: MARTA MARÍA PONCET SOUTO, NIF 34887768B, 22/12/2020 14:20:31.

CSV: 8416-D4B2-488F-B3E4

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Acta número 27, de 17 de decembro de 2020

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado.

A sesión celébrase a distancia, sesión virtual, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e no “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020. A sesión é gravada.

DATA: 17 de decembro de 2020

HORA DE COMEZO: 16:00

HORA DE REMATE: 18:00

ASISTENTES

Aznar Cuadrado, Virginia
Barreira Cerqueiras, Eva María
Blanco Anaya, Paloma
Campos Magdaleno, María
Lago Ballesteros Joaquín
López Gómez, Santiago
López Gómez, Silvia
López Rúa, Paula
Muñoz Carril, Pablo César
Navarro Patón, Rubén
Otero Urtaza, Eugenio Manuel
Poncet Souto, Marta M^a
Romero Castro, María José
Sarceda Gorgoso, María Carmen

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Aprobación, se procede, do Plan Estratéxico para o período 2016-2022.
3. Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Memoria do dobre grao en mestre/a de educación infantil e mestre/a de educación primaria.
4. Aprobación, se procede, da coordinación de 1^o curso do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil.
5. Aprobación, se procede, da coordinación de 1^o curso do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria.
6. Aprobación, se procede, da coordinación de 1^o curso do Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e Primaria.

7. Aprobación, se procede, de proposta de modificación do Regulamento de Réxime Interno da FFP, capítulo V, artigo 24, punto 2 referido á composición da Comisión de Calidade.
8. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

Sométense a aprobación as actas número 25 e número 26, quedando aprobadas por asentimento.

2. Aprobación, se procede, do Plan Estratéxico para o período 2016-2022.

A decana explica que na Resolución Reitoral do 7 de outubro de 2020 establece un novo marco temporal para a vixencia dos Plans estratéxicos dos centros. Os centros que xa teñen aprobado o seu plan estratéxico con vixencia ata 2020 deben acordar a súa prórroga ata 2022, cos axustes que procedan. Neste sentido a decana indica que se revisou o Plan Estratéxico da FFP para modificar ou axustar algúns aspectos de certa entidade, entre eles os referidos á COVID.

A decana informa que o plan estratéxico da facultade recibiu o informe favorable da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. Revisado o acordo de prórroga do Plan Estratéxico da Facultade de Formación do Profesorado, verifícase que a súa elaboración adaptouse á guía sinalada e que o seu contido é congruente coas liñas da Programación Plurianual da USC.

A decana somete a aprobación o Plan Estratéxico da Facultade de Formación do Profesorado para o período 2016-2022, quedando aprobado por asentimento.

3. Aprobación, se procede, da coordinación de 1º curso do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil.

A decana somete a aprobación a proposta da profesora Silvia López Gómez como coordinadora de primeiro curso do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil, quedando aprobada por asentimento.

A decana agradece á profesora López Gómez a súa colaboración e o seu compromiso coa facultade.

4. Aprobación, se procede, da coordinación de 1º curso do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria.

A decana somete a aprobación a proposta de asignación da profesora María Campos Magdaleno como coordinadora de primeiro curso do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria, quedando aprobada por asentimento. A decana agradece á profesora Campos Magdaleno a súa colaboración e o seu compromiso coa facultade.

5. Aprobación, se procede, da coordinación de 1º curso do Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e Primaria.

A decana somete a aprobación a proposta da profesora Silvia López Gómez como coordinadora de primeiro curso do Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e Primaria, quedando aprobada por asentimento. A decana reitera á profesora López Gómez o seu agradecemento.

6. Aprobación, se procede, da proposta de modificación da Memoria do dobre grao en mestre/a de educación infantil e mestre/a de educación primaria.

A decana explica que na Xunta de Facultade do 30 de xullo de 2020 trasladouse ao profesorado a problemática do alumnado do dobre grao que tiña rematado cuarto curso, e polo tanto os seus estudos de Educación Primaria, que non puido apuntarse ás listas da Xunta porque a universidade non lle permitiu obter un dos dous Títulos sen ter rematado por completo a súa formación (aínda que na Memoria do Título se especifica que ao rematar cuarto o alumnado estará en disposición de acadar o título de Primaria).

A decana sinala que estes estudantes tampouco puideron acceder en setembro á convocatoria de bolsas de colaboración porque tiñan unha titulación universitaria e non cumprían os requisitos, e mesmo se lles denegan as bolsas xerais de estudos pola mesma razón.

A decana di que mantivo reunións con diferentes instancias (membros do equipo de goberno, decanos/as doutras facultades con dobres graos, etc...) para intentar solucionar o problema, e que a solución máis factible e menos problemática é modificar a Memoria para que o alumnado do dobre grao non remate os estudos do título de Primaria en cuarto, o cal se faría cambiando de curso o TFG de Primaria. Dese xeito, o alumnado estaría en disposición de solicitar bolsas.

A decana indica que esta modificación ten que facerse inmediatamente para que o alumnado de cuarto poda solicitar bolsas en quinto curso. O cambio afecta, polo tanto, ao TFG de Primaria, que pasaría de cuarto a quinto cursándose simultaneamente ao TFG de Infantil, e pasando dúas optativas da mención de Infantil (9 créditos) ao cuarto curso. Sinala que esta proposta foi aprobada na Comisión de Título de Grao en Mestre

de Educación Infantil e de Grao en Mestre de Educación Primaria que se celebrou conxuntamente.

A decana abre unha rolda de intervencións.

O profesor Pablo Muñoz Carril posiciónase a favor da modificación.

O profesor Joaquín Lago Ballesteros di que é unha situación inxusta que prexudica ao alumnado, e pregunta polos argumentos aportados pola universidade para xustificar a súa decisión. Amósase a favor da modificación da Memoria, se esa é a solución. Como coordinador de TFG da titulación de Grao en Mestre de Educación Infantil amosa a súa preocupación polas posibles consecuencias organizativas de dita modificación. Entende que a USC debería buscar algún xeito de compensar a este alumnado polos prexuízos causados.

A decana concorda co profesor Lago Ballesteros en que se trata dunha situación inxusta para o alumnado, e que a universidade debe darlle unha solución. Resposta que, a nivel individual como decana, así o puxo de manifesto en diferentes reunións. A decana propón que na próxima xunta de facultade (no punto da orde do día no que se trate a modificación, se procede, da Memoria de Título) se traslade a posibilidade de emitir un posicionamento colectivo e, remitilo ao goberno da USC. A decana di que se a xunta de facultade acepta esta proposta, convocaríase unha xunta extraordinaria para que os membros se posicionasen.

O profesor Eugenio Otero Urtaza entende que é unha sinrazón que o alumnado de 5º curso de dobre grao teña que facer dous TFGs no mesmo curso, aínda que non se opoñe a modificación da Memoria do Título do Dobre Grao se non hai outra solución.

A profesora Paloma Blanco Anaya pregunta se o vicerreitor de estudantes ofreceu ao alumnado algunha solución para poder optar ás bolsas de colaboración. A decana resposta que non. Blanco Anaya pregunta pola extensión do segundo TFG, se 25 páxinas como na mención ou 50 coma un TFG completo. A decana indica que 50 páxinas, pero que a Comisión de Prácticum y TFG poderá establecer as especificacións que estime oportunas. Suxire ir pensando na estrutura deses TFGs para que, o ter que facer dous TFGs, se convirta nunha oportunidade e non nun problema.

O profesor Rubén Navarro Patón fala sobre os posibles problemas que se poden producir entre o alumnado no proceso de elección dos tutores/as de TFG. Con relación a posibilidade dun TFG conxunto, pregúntase se administrativamente sería posible. O profesor Navarro Patón está de acordo con que a xunta de facultade se posicione

como colectivo ante a situación do alumnado de dobre grao e, concorda en que a universidade debe ofrecer algunha solución.

O profesor Joaquín Lago Ballesteros sinala que hai que ter coidado co marco normativo dos TFGs conxuntos, para evitar posibles problemas de autoplaxio. O profesor Lago Ballesteros amósase de acordo en dar todo o apoio a este alumnado.

Sen máis intervencións, sométese a aprobación a proposta de modificación da Memoria do Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, quedando aprobada por asentimento.

7. Aprobación, se procede, de proposta de modificación do Regulamento de Réxime Interno da FFP, capítulo V, artigo 24, punto 2 referido á composición da Comisión de Calidade.

A decana explica que urxe modificar o Regulamento de Réxime Interno da FFP, capítulo V, artigo 24, punto 2 referido á composición da Comisión de Calidade atendendo ás recomendacións do Informe Provisional para a certificación da implantación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado reducindo a presenza de profesorado e incrementando a participación da representación estudiantil.

A decana adianta a proposta de composición da nova Comisión de Calidade da que se eliminaría a presenza dun membro do equipo decanal (o vicedecano), ás coordinacións de curso (representadas xa nas coordinacións de título dos Graos de Infantil e Primaria) e á que se engadiría un alumno/a, alomenos, por cada Título.

A decana somete a aprobación a proposta de modificación do Regulamento de Réxime Interno da FFP, capítulo V, artigo 24, punto 2 referido á composición da Comisión de Calidade, quedando aprobada por asentimento.

8. Rolda aberta de intervencións.

A profesora Paula López Rúa pregunta sobre o informe recibido dende a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos sobre á Memoria de Calidade da FFP, e no que se indican unha serie de suxestións de mellora. A profesora López Rúa sinala que ela é docente e investigadora, e que non ten formación específica sobre temas de calidade e que polo tanto descoñece cales son e onde se atopan as directrices que hai que seguir para corríxila. Lamenta que ata este curso non se tiveran recibido suxestións de mellora respecto ás anteriores memorias de calidade, o que tería evitado cometer os erros que agora se sinalan. A profesora López Rúa pide que se solicite a Área de

Calidade, asesoramento e colaboración do seu persoal para acometer o traballo de revisión da memoria.

A decana informa aos membros da Comisión que no mes de novembro recibiu a visita da vicerreitora de coordinación do campus de Lugo e do vicerreitor de calidade na que se lle trasladou a proposta de que a facultade poidera concurrir este curso ao proceso de acreditación institucional da ACSUG entendendo, dende a vicerreitoría, que a facultade estaría en condicións de obtela. O equipo decanal entendeu este ofrecemento como unha oportunidade de avanzar, e converter a facultade nun centro recoñecido, polo que se respostou afirmativamente.

A decana sinala que esta circunstancia é a que explica que este curso fora revisada con máis detalle, xa que logo esta Memoria será a que ACSUG tome de base para concurrir ao proceso de acreditación. A decana sinala que ela mesma solicitou á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, que se revisara a Memoria de Calidade presentada este ano con máis detalle, tal e como de feito fixeron.

A decana relata que, unha vez recibidas as suxestións de mellora e ante a dificultade de entender o que había que corrixir e como facelo, contacta co vicerreitor de calidade quen se ofreceu a ter unha xuntanza para aclarar dúbidas e por a disposición da facultade o apoio do persoal da Área de Calidade.

A profesora Marta Poncet Souto amosa tamén a súa perplexidade por non ter recibido suxestións de mellora con anterioridade, e solicita que se traslade á Área de Calidade a necesidade de apoio do seu persoal. A profesora Poncet Souto traslada a súa preocupación pola escaseza de persoal (baixa maternal da coordinadora de calidade e baixa dun membro do PAS) e á situación de pandemia que está a traer un incremento inxente de tarefas de xestión, o que dificultará e esixirá grandes esforzos para que a facultade poda concurrir este curso ao proceso de acreditación institucional.

A decana resposta que ninguén obriga a concurrir ao proceso de acreditación. Sinala que do mesmo xeito que se dixo que si á proposta do vicerreitor de calidade, se os membros da Comisión e as persoas que van estar máis directamente implicadas nesta tarefa non están convencidas de afrontar un proceso que requerirá moito traballo e esforzo, dáse marcha atrás aínda que pensa sería un grave erro. Entende que si se vai, hai que ir con paso firme e con convencimento.

A decana afirma que se fora necesario, convocaríase unha xunta extraordinaria da Comisión de Calidade para valorar se se vai concurrir ou non ao proceso de acreditación institucional.

O profesor Uxío Otero Urtaza sostén que é necesario que a facultade se someta á acreditación, aínda que ás veces non se concorde cos procedementos.

A decana coincide co profesor Otero Urtaza en que é positivo para a facultade acreditarse. Explica que na reunión de novembro, trasladou ao vicerreitor a situación da facultade a nivel recursos humanos e que tamén lle comunicou a necesidade de contar co apoio da Área de Calidade para acometer esta tarefa. A decana pide que non se tome a cuestión das suxestións de mellora á Memoria de Calidade achegadas dende a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, como algo persoal senón profesional. A decana sinala que un centro acreditado é un centro recoñecido.

Sobre as suxestións de mellora achegadas dende a Área de Calidade en relación á Memoria de Calidade, a profesora Poncet Souto di que non está en desacordo en que fora revisada con detalle este ano senón co feito de que as anteriores memorias non se tiveran corrixido, o que dende o seu punto de vista tería evitado chegar a este curso presentando unha memoria con erros.

O profesor Joaquín Lago Ballesteros non entende non ter recibido ata agora o “feedback” da área de Calidade sobre as memorias doutros cursos. O profesor Lago Ballesteros preguntase cales son os indicadores polos que, segundo a vicerreitoría de calidade, a facultade está en condicións de obter a acreditación se a memoria presentada é tan deficitaria. Pregunta polos beneficios, dende un punto de vista práctico, de ter o selo de calidade máis aló de estar catro anos sen presentar os Informes de Seguimento dos Títulos, de poder optar a fondos ou de poder contar con certas autorizacións. O profesor Lago Ballesteros di que sería bon que antes de optar á acreditación, a Área de Calidade puxera os recursos necesarios. Finaliza a súa intervención agradecendo o traballo das persoas da comisión que estiveron máis directamente implicadas na elaboración da Memoria de Calidade do curso 18-19 da FFP.

A decana pregunta aos membros da comisión, que se lle resposta ao vicerreitor de calidade en relación a concurrir ou non ao proceso de acreditación.

O profesor Otero Urtaza manifestase a favor e di que o non facelo traerá máis inconvenientes que ventaxas. Entende que sen a acreditación será máis difícil pedir recursos e profesorado.

A profesora Paula López Rúa sinala que non cuestiona o feito de concurrir ao proceso de acreditación pero pregunta se podería facerse o curso próximo. Entende que este é un curso especialmente difícil pola pandemia e que ademáis non se contará coa coordinadora de calidade que estará de baixa por maternidade.

A decana sinala que a Facultade de Educación de Compostela vai concurrir este curso, e que sería conveniente ir á par. A decana insiste en que é positivo e mesmo necesario que o centro se someta á acreditación e que non facelo sería un retroceso para a facultade.

A decana propón facer, despois das vacacións de nadal, unha xuntanza entre os membros da Comisión de Calidade que van ter maior responsabilidade neste tema e unha maior carga de traballo, para decidir se finalmente se vai ou non á acreditación. Acéptase a proposta.

A decana agradece a presenza dos membros na xuntanza e dá por finalizada a sesión.

A secretaria

Visto e praxe, a presidenta

Marta María Poncet Souto

María Carmen Sarceda Gorgoso

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 19/04/2021 16:34:22.

Asinante/Firmante/Signer: MARTA MARIA PONCET SOUTO, NIF 34887768B, 19/04/2021 15:41:43.

CSV: EC52-A55E-4B9A-8017